

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2014.

OUFF Escola ou Uff Escola?

Estimados/as señores/as,

Dirixímonos a este Servizo de Normalización para expresar a nosa fonda preocupación polo espectáculo agravante cara á lingua galega vivido a mañá do pasado día 19 de novembro, no acto de entrega dos premios **Ouff Escola de Ourense**.

Entre as moitas pexas que lle atopamos á “gala” (expresadas xa noutro documento enviado á prensa) e moitas das cales seguramente pouco ou nada teñan que ver co seu servizo, os asinantes deste documento vivimos con fonda preocupación o tratamento do que foi obxecto a lingua galega, eixe común arredor do que -tanto vostedes coma nós- traballamos a diario.

Gustaríanos poder entender como nun certame que ten como **obxectivo impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade** e que di nas súas bases que os traballos “deberán estar en lingua galega” pode suceder o que se viu esa mañá na cidade das Burgas. Parécennos de difícil explicación as seguintes cuestións:

Podemos comezar pola contradición evidente que supuxo que o alcalde de Ourense comece o seu discurso de benvinda en perfecto castelán, e que logo se pase ao galego durante uns segundos, para rematar cunha frase antolóxica que resume todos os seus prexuízos sobre o seu uso do idioma: *Eu falo habitualmente en galego, pero, non sei por que, cando falo con rapaces, saíame sempre o castelán*. Brillante discurso normalizador, abofé que si. Case tan brillante como o da presentadora da gala, que, no transcurso do acto, decidiu abandonar a *maquillaxe do galego* institucional para regresar ao idioma que lle era máis cómodo, polo que se ve.

Mais o aspecto máis indignante é o que atinxe directamente ao seu servizo, organizador do certame. Trátase do feito de que unha das curtas premiadas na categoría infantil (moi digna e interesante a nivel artístico), e que obtivo o segundo premio, presentase un evidente desleixo no coidado do idioma, de tal feito que as nenas e nenos que narraban a historia introducían o castelán no suposto texto en galego podendo escoitar durante toda a curta expresións como “las cousas”, “o número doscientos veinte” e similares. Obviamente, isto non é responsabilidade da rapazada, pero o xurado si debe valorar se usar mal o galego debe ser premiado nun evento onde a lingua non pode ser usada de calquera xeito, como algo que se pode *deformar* sen que pase nada. Ou sería premiada unha curta en castelán ou en inglés que manifestase esa deixadeza no idioma?

Se cadra para próximas edicións poderían tentar que as bases non deixasen aberta a posibilidade de que houbera premios que supuxesen este agravio.

Consello Directivo
CGENDL